

lei, a partir da data de entrada en vigor deste real decreto lei. Para estes efectos, será irrelevante o feito de ter recibido pagamentos anticipados, totais ou parciais, con anterioridade a tal data.

2.º A aplicación do tipo impositivo cero que establece o artigo 27.º 1.1.º f) da Lei 20/1991 ás execucións de obra que pasen a ter a condición de obras de rehabilitación, non téndoa con anterioridade, será procedente na medida en que o imposto correspondente a esas obras se xere, conforme os criterios establecidos no artigo 18.º 1.a) e b) da mesma lei, a partir da data de entrada en vigor deste real decreto lei. Para estes efectos, será irrelevante o feito de ter recibido pagamentos anticipados, totais ou parciais, con anterioridade a esa data. Os suxeitos pasivos deberán rectificar as cotas repercutidas correspondentes aos pagamentos anticipados cuxo cobramento se percíbese con anterioridade á data de entrada en vigor deste real decreto lei, mesmo cando transcorresen máis de catro anos desde que tivese lugar ese cobramento.

3.º Os empresarios ou profesionais que realicen as entregas a que se refire o ordinal 1.º poderán deducir integramente as cotas soportadas ou satisfeitas polos bens e servizos utilizados directamente na súa rehabilitación. Para tales efectos, o dereito á dedución desas cotas nacerá o día de entrada en vigor deste real decreto lei. En caso de que as citadas cotas se deducisen con anterioridade, aínda que sexa parcialmente, os empresarios ou profesionais deberán regularizar as deducións practicadas na declaración-liquidación correspondente ao último período de liquidación de 2008.

**Disposición derogatoria única.** *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao previsto neste real decreto lei.

**Disposición derradeira primeira.** *Título competencial.*

As subvencións reguladas nos artigos 9 e 10 dítanse ao abeiro do establecido no artigo 149.1.7.ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución polas comunidades autónomas.

**Disposición derradeira segunda.** *Concepto de rehabilitación de vivenda no imposto sobre a renda das persoas físicas.*

No prazo de tres meses o Goberno levará a cabo as modificacións necesarias na regulación regulamentaria do imposto sobre a renda das persoas físicas para regular o concepto de rehabilitación de vivenda, cando teña por obxecto a súa reconstrución mediante a consolidación e o tratamento das estruturas, fachadas ou cubertas e outras análogas, de forma similar ao establecido no parágrafo cuarto do artigo 20.un.22.º da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.

**Disposición derradeira terceira.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 21 de abril de 2008.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

**6995** *REAL DECRETO LEI 3/2008, do 21 de abril, de medidas excepcionais e urxentes para garantir ou abastecemento de poboacións afectadas pola seca na provincia de Barcelona.* («BOE» 97, do 22-4-2008.)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A auga para consumo humano é un ben de primeira necesidade, e asegurar a súa dispoñibilidade en calidade e cantidade suficientes exige a todos os poderes públicos prestaren ao abastecemento unha atención prioritaria e permanente, co fin de garantir o dereito á auga potable a todos os cidadáns, sexan cales foren o territorio en que habiten ou as adversidades meteorolóxicas que se padeczan.

Así o fixo o Goberno de España nos últimos catro anos, adoptando en cada momento as decisións oportunas, adaptadas á singularidade de cada situación, e que supuxeron un investimento global de 7.700 millóns de euros. Foi unha política da auga que, malia a gravidade do período de seca que desde 2005 afecta a península, e con especial intensidade as bacías da vertente mediterránea, evitou a imposición de restricións ao consumo humano.

No contexto do cuarto ano de seca no conxunto de España, Cataluña padece actualmente o período de seca máis grave desde que se teñen rexistros fiables. As medidas adoptadas durante os últimos anos puideron evitar, ata o momento, o establecemento de restricións ao consumo humano. Porén, malia que a Generalitat ten previsto incrementar a dispoñibilidade de auga a partir do próximo mes de maio mediante distintas actuacións complementarias, resulta necesario pór en marcha medidas conjunturais de reforzo ante a eventualidade de que se manteñan os valores practicamente inexistentes de precipitacións, o que produciría un déficit de 3,9 hm<sup>3</sup>/mes.

Este déficit poderá ser cuberto cando entre en funcionamento a planta desalgadora de El Prat (Barcelona), prevista para xuño de 2009, que vai fornecer 5 hm<sup>3</sup>/mes. Trátase, por tanto, de evitar, durante un período de nove meses na hipótese máis desfavorable, restricións na dispoñibilidade de auga para consumo humano que afectarían os cinco millóns de habitantes abastecidos polo Sistema Ter-Llobregat.

Ante a situación descrita, e tras analizar as distintas alternativas, o Goberno considera que a solución idónea para cubrir, chegado o caso, o sinalado déficit de 3,9 hm<sup>3</sup>/mes, con total garantía e sen impacto ambiental significativo, consiste na optimización dos caudais xa regulados mediante a Lei 18/1981, do 1 de xullo, sobre actuacións en materia de augas de Tarragona.

En efecto, a contía dos caudais necesarios para evitar unha situación de emerxencia coinciden coa marxe non aproveitada do volume de auga que se destina ao ámbito territorial de Tarragona de acordo co aprobado en 1981, polo que resulta posible a súa reasignación conxuntural, a través de dúas medidas: en primeiro lugar, apróbase unha ampliación do ámbito territorial da Lei 18/1981 ao sistema de abastecemento Ter-Llobregat, que serve as poboacións afectadas por esta situación de emerxencia; en segundo lugar, establécese que as infraestruturas de condución que neste mesmo real decreto lei se prevén poderán ser utilizadas para os contratos de cesión de dereitos de auga regulados no texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, fórmula xa utilizada con éxito para a realización de intercambios a través das preexistentes interconexións Texo-Segura e Negratín-Almanzora, ao abeiro do Real decreto lei 15/2005, do 16 de decembro.

Estas dúas vías de achega de auga ao Sistema Ter-Llobregat estarán vixentes mentres dure a situación de

extrema seca, sen superar, en ningún caso, o límite cuantitativo de 4 metros cúbicos por segundo de caudal máximo fixado pola Lei 18/1981 e sen efectuar ningún transvasamento adicional desde a bacía do Ebro ás bacías internas de Cataluña.

Debido ao risco de emerxencia, axilízanse, así mesmo, todos os trámites necesarios para levar a cabo as obras da infraestrutura de condución entre o Consorcio de Augas de Tarragona e o Sistema Ter-Llobregat (CAT-ATLL) co fin de que estean ultimadas a tempo para evitar unha situación de desabastecemento. E, co propósito de sumar esforzos e recursos nese reducido horizonte temporal, as obras, que se declaran de interese xeral do Estado, realizaranse no marco de cooperación que fixe o convenio que, para o efecto, se subscriba entre a Administración xeral do Estado e a Generalitat de Cataluña.

En definitiva, con este real decreto lei preténdese afrontar unha situación de emerxencia, adoptando coa antelación suficiente as medidas necesarias para evitar restricións ao abastecemento, como se fixo con anterioridade para atender esta mesma finalidade esencial noutras bacías da vertente mediterránea e como se fará no futuro, se a persistencia da seca o fai necesario, tanto nesas mesmas bacías, como en calquera outra do territorio español.

Baixo estas circunstancias fácticas, a prioritaria necesidade de garantir o abastecemento da auga para os cinco millóns de habitantes potencialmente afectados satisfai o presuposto da extraordinaria necesidade que habilita a aprobación deste real decreto lei. Así mesmo, a urxencia da medida xustifícase na necesidade de adoptar sen demora as decisións que permitan cubrir o déficit hídrico que se puider producir a partir do mes de outubro, de persistir a actual situación de extrema seca.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 18 de abril de 2008,

## DISPONGO:

### Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

Este real decreto lei ten por obxecto o establecemento de medidas excepcionais e urxentes coa finalidade de garantir o abastecemento de poboacións e, en particular, o abastecemento domiciliario de auga apta para o consumo humano.

O seu ámbito de aplicación esténdese aos municipios afectados pola seca no ámbito territorial da provincia de Barcelona.

Os caudais autorizados neste real decreto lei non poderán utilizarse en ningún caso para fins e ámbitos territoriais distintos aos determinados neste artigo.

### Artigo 2. *Achegas procedentes dos volumes de auga do Ebro reguladas pola Lei 18/1981, do 1 de xullo, sobre actuacións en materia de augas en Tarragona.*

Os volumes de auga do Ebro regulados pola Lei 18/1981, do 1 de xullo, sobre actuacións en materia de augas en Tarragona, poderán utilizarse para o abastecemento de poboacións no ámbito territorial da provincia de Barcelona.

Os caudais que se van derivar non poderán alterar o réxime de explotación e aproveitamento dos volumes efectivamente utilizados en todo momento polo Consorcio de Augas de Tarragona.

En ningún caso se superarán os volumes máximos establecidos no artigo 4.

### Artigo 3. *Achegas procedentes de cesións de dereitos ao uso da auga.*

1. A Comunidade Autónoma de Cataluña, directamente ou a través da entidade pública ou privada que ela determine, poderá adquirir dereitos ao uso da auga a usuarios da Demarcación Hidrográfica do Ebro nos seguintes termos:

a) Os cedentes deberán ser concesionarios ou titulares dalgún dereito ao uso privativo da auga destinada a regadíos e usos agrarios.

Os titulares de dereitos ao uso da auga adscritos ás zonas regables de iniciativa pública cuxas dotacións brutas máximas figuren no Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica do Ebro poderán, logo de informe do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, celebrar os contratos de cesión a que se refire o artigo 67.1 do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, sen prexuízo das formalidades exixidas no artigo 68.2.

Os títulos xurídicos de dereitos ao uso da auga a que se refire o parágrafo anterior consideraranse incluídos no ámbito do artigo 190.a) do Regulamento do dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril, para os efectos da súa inscrición no Rexistro de augas.

Os títulos xurídicos en virtude dos cales os cedentes adquirisen o dereito ao uso da auga obxecto do contrato deberán estar debidamente inscritos no Rexistro de augas. En caso de non o estaren, deberá instarse a súa inscrición previa ou simultaneamente á solicitude de autorización do contrato ante o órgano competente.

O órgano competente para a inscrición cualificará o título presentado polo solicitante e, se é o caso, expedirase unha inscrición provisional, para os únicos efectos da autorización do contrato de cesión, se procede. A inscrición definitiva tramitarase conforme o previsto no Regulamento do dominio público hidráulico.

b) Os cedentes deberán formar parte de comunidades de usuarios pertencentes á Demarcación Hidrográfica do Ebro.

2. Para os caudais derivados dos contratos de cesión celebrados ao abeiro deste artigo, poderán utilizarse as instalacións de captación establecidas en cumprimento do disposto na Lei 18/1981, do 1 de xullo, e a infraestrutura regulada no artigo 6.

3. Os contratos de cesión e a utilización das instalacións e infraestrutura previstas no punto anterior deberán ser autorizadas pola Dirección Xeral da Auga do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, logo de informe dos organismos de bacía afectados e das restantes entidades mencionadas no artigo 68.2 do texto refundido da Lei de augas, sen que para estes efectos resulte de aplicación o disposto no primeiro inciso do artigo 72 do citado texto refundido.

4. No non previsto neste artigo será de aplicación o disposto na sección segunda do capítulo III do título IV do texto refundido da Lei de augas.

### Artigo 4. *Cómputo dos volumes máximos.*

1. A suma dos volumes que se poderán derivar en virtude do disposto polos artigos 2 e 3 deste real decreto lei non poderá superar ningún dos seguintes límites:

O límite máximo de catro metros cúbicos por segundo previsto no artigo 1.2 da Lei 18/1981, do 1 de xullo.

O volume máximo de cincuenta hectómetros cúbicos anuais.

2. Correspóndelle á Confederación Hidrográfica do Ebro o control da derivación de augas regulada neste real decreto lei.

Artigo 5. *Réxime económico.*

Os caudais utilizados en virtude do disposto polos artigos 2 e 3 deste real decreto lei estarán suxeitos ao pagamento, polo seu destinatario, da tarifa de abastecemento en alta fixada e vixente para o Consorcio de Augas de Tarragona. En todo caso, esta tarifa incluírá o importe do canon e incremento del por utilización compartida de instalacións existentes especificadas no artigo 3, números 1 e 3, da Lei 18/1981, do 1 de xullo. Este canon aplicárase ás finalidades expresadas no artigo 3.2 da mesma lei.

Artigo 6. *Infraestrutura de conexión do Sistema do Consorcio de Augas de Tarragona co sistema de abastecemento do Ter-Llobregat («Conducción CATA-TLL»).*

1. Decláranse de interese xeral as obras da infraestrutura «conducción CAT-ATLL» necesaria para facer efectivos o abastecemento de poboacións e a derivación de caudais autorizados por este real decreto lei.

2. De conformidade co disposto nos artigos 9, 10, 11 e 52 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954, estas obras decláranse de utilidade pública e de urxencia para os efectos da ocupación dos bens afectados.

3. As obras da «conducción CAT-ATLL» terán a consideración de obras de emerxencia, para os efectos previstos no artigo 72 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño.

4. Non será de aplicación a estas obras o disposto no artigo 46.5 do texto refundido da Lei de augas.

5. O financiamento destas obras realizarase con cargo aos orzamentos do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño. Este investimento terá a consideración de investimento estatal en infraestruturas para os efectos previstos na disposición adicional terceira da Lei orgánica 6/2006, do 19 de xullo, de reforma do Estatuto de autonomía de Cataluña.

6. A Administración xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Cataluña poderán celebrar convenios de colaboración para a realización destas obras.

Disposición adicional primeira. *Exclusión do trámite de avaliación de impacto ambiental da infraestrutura «conducción CAT-ATLL».*

1. Polos motivos excepcionais derivados da urxente necesidade de garantir o abastecemento a poboacións, e de acordo co número 1 da disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, a infraestrutura de «conducción CAT-ATLL» queda excluída do trámite de avaliación de impacto ambiental.

2. Esta infraestrutura someterase a consulta da Comunidade Autónoma de Cataluña no relativo aos potenciais impactos ambientais.

Esta forma alternativa de avaliación porase á disposición das persoas interesadas e comunicáraselle á Comisión Europea, xunto coa restante información a que se refire o número 2 da disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos.

Disposición adicional segunda. *Créditos orzamentarios.*

Para o financiamento do disposto en artigo 6.5 deste real decreto lei, realizaranse as modificacións orzamentarias que procedan, de conformidade co establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria aplicando, se é o caso, recursos do Fondo de Continxencia de Execución Orzamentaria.

Disposición adicional terceira. *Taxas pola utilización especial de instalacións portuarias e polo servizo de sinalización marítima.*

1. A cota da taxa pola mercadoría aplicable á carga e descarga de auga a granel para abastecemento a poboacións será a establecida no número 5.1 do artigo 24 da Lei 48/2003, do 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizo dos portos de interese xeral, a que se aplicará unha bonificación do 80 por cento, sen que a dita taxa lle sexa de aplicación ningunha outra redución ou bonificación das establecidas na citada lei.

2. Aos buques que transporten auga a granel para abastecemento a poboacións aplicaráselles o 50 por cento da cota da taxa do buque que corresponda, de conformidade co establecido no número 5.1 do artigo 21 da Lei 48/2003, sen que á dita taxa lle sexa de aplicación ningunha outra redución ou bonificación das previstas na citada lei.

3. Os buques previstos no punto anterior estarán exentos do pagamento da taxa por servizo de sinalización marítima.

4. As bonificacións dos números 1 e 2 non se terán en conta para os efectos do cómputo do límite conxunto para o importe total de bonificacións, reguladas no número 3.d) do artigo 27 da Lei 48/2003.

5. As bonificacións e exención a que se refiren os números anteriores aplicaranse con independencia dos portos de orixe ou de destino utilizados no transporte, así como da nacionalidade dos buques empregados nel.

Disposición adicional cuarta. *Situacións de emerxencia noutros ámbitos territoriais.*

O Goberno adoptará análogas medidas cando sexan necesarias para garantir o abastecemento de poboacións doutros ámbitos territoriais cando, por circunstancias excepcionais de seca extrema, se produzan situacións de emerxencia similares ás que motivaron a aprobación deste real decreto lei.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento normativo e execución.*

O Goberno, no ámbito das súas competencias, poderá ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a execución do establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira segunda. *Títulos competenciais.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1, 22.<sup>a</sup> e 24.<sup>a</sup> da Constitución.

Disposición derradeira terceira. *Vixencia.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e o previsto nel manterá a súa vixencia ata que se cumpra algunha das seguintes circunstancias:

1.º A superación das circunstancias de extraordinaria necesidade que motivaron a aprobación deste real decreto lei.



2.º O transcurso de trinta días desde a entrada en pleno funcionamento da planta desalgadora da Área Metropolitana de Barcelona.

Dado en Madrid o 21 de abril de 2008.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

**7309** *CORRECCIÓN de erro da Lei 29/2006, do 26 de xullo, de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios. («BOE» 100, do 25-4-2008.)*

Advertido erro na Lei 29/2006, do 26 de xullo, de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega núm. 11, do 1 de agosto de 2006, procédese a efectuar a oportuna rectificación:

Na páxina 1644, na «Disposición adicional décimo segunda. Da revisión dos medicamentos suxeitos a prescripción.», onde di: «Para facilitar o labor dos profesionais sanitarios que, de acordo con esta lei, non poden prescribir medicamentos, no prazo dun ano o Ministerio de Sanidade e Consumo establecerá a relación de medicamentos que poidan ser usados ou, de ser o caso, autorizados para estes profesionais, así como as condicións específicas en que os poidan utilizar e os mecanismos de participación cos médicos en programas de seguimento de determinados tratamentos»; debe dicir: «Para facilitar o labor dos profesionais sanitarios que, de acordo con esta lei, non poden prescribir medicamentos, no prazo dun ano o Ministerio de Sanidade e Consumo revisará a clasificación dos medicamentos de uso humano que deben dispensarse con ou sen receita médica.»

## MINISTERIO DE EDUCACIÓN, POLÍTICA SOCIAL E DEPORTE

**7513** *REAL DECRETO 675/2008, do 28 de abril, polo que se establecen os limiares de renda e patrimonio familiar e as contías das bolsas e axudas ao estudo do Ministerio de Educación, Política Social e Deporte para o curso 2008-2009. («BOE» 103, do 29-4-2008.)*

O Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, establece o novo réxime das bolsas e axudas ao estudo personalizadas, modificando o anteriormente vixente de xestión centralizada e regulando, con carácter básico, os parámetros precisos para asegurar a igualdade no acceso ás citadas bolsas e axudas ao estudo sen detrimento das competencias normativas e de execución das comunidades autónomas. Así, establece as normas xerais aplicables tanto ás bolsas territorializadas como a aquelas cuxa xestión lle corresponde ao Estado, os requisitos económicos e académicos para ser beneficiario e os principios e condicións de revogación e reintegro e incompatibilidade das bolsas e axudas estatais.

Non obstante, debido ao seu carácter cuantitativo, algúns dos referidos parámetros básicos deben ser obxecto de actualización periódica co fin de que non resulten desvalorizados polo transcurso do tempo e se adapten ao

importante crecemento desta partida orzamentaria. Para estes efectos, a disposición adicional primeira encomenda ao Goberno a determinación destes parámetros variables para cada curso académico, mediante un real decreto que se aprobará, logo de consulta ás comunidades autónomas, no primeiro trimestre do ano.

Por outra parte, conforme a disposición adicional novena da Lei 24/2005, do 18 de novembro, de reforma para o impulso da produtividade, as bolsas e axudas ao estudo que se convoquen para seguir estudos regrados e para as que non se fixe un número determinado de persoas beneficiarias concederanse de forma directa ao alumnado tanto universitario como non universitario. Dispón, así mesmo, a citada lei que a contía das referidas bolsas e axudas ao estudo se fixará en función dos custos que xere a educación para os estudantes, así como das circunstancias socioeconómicas da súa unidade familiar e que se concederán atendendo, cando proceda, ao aproveitamento académico e aos niveis de renda e patrimonio con que conte a unidade familiar. Por último, dispón que o seu réxime se establecerá por real decreto, que deberá contar con informe favorable do Ministerio de Economía e Facenda.

En cumprimento destes preceptos, este real decreto establece, para o curso académico 2008-2009, os parámetros económicos das bolsas e axudas ao estudo do Ministerio de Educación, Política Social e Deporte que se convocan sen un número determinado de persoas beneficiarias, fixando as súas contías, así como os limiares de patrimonio e renda familiar por encima dos cales desaparece o dereito á súa obtención.

De acordo coas previsións da sección 18 dos orzamentos xerais do Estado para o ano 2008, aprobados por Lei 51/2007, do 26 de decembro, as contías incrementáanse, como termo medio, nun 6 por cento con relación ás do curso anterior e os limiares de renda familiar actualízanse tamén nun 13,5 por cento de media con relación aos vixentes no curso 2007-2008.

Polo que se refire ás ensinanzas para as que se convocan bolsas sen un número predeterminado de beneficiarios, engádense ás de cursos anteriores as condcentes ao título de grao e as correspondentes aos programas de cualificación profesional inicial.

Este real decreto conta con informes favorables do Ministerio de Economía e Facenda e do Ministerio de Administracións Públicas. Foi, ademais, obxecto de ditame polo Consello Escolar do Estado e, na súa tramitación, foron consultadas as comunidades autónomas.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Educación, Política Social e Deporte, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de abril de 2008,

DISPŌO:

CAPÍTULO I

### Ensinanzas para as que se convocan bolsas e axudas ao estudo

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

1. Para o curso académico 2008-2009 e, con cargo aos créditos 18.11.323 M 483.01 e 18.11.323M 485.00 dos orzamentos xerais do Estado, convocaranse bolsas sen número determinado de persoas beneficiarias para as seguintes ensinanzas:

1. Bacharelato.
2. Formación profesional de grao medio e de grao superior.
3. Ensinanzas artísticas profesionais.
4. Ensinanzas deportivas.